



BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS DESEMPREGADAS, PARA OS POSTOS DE SOCORRISTAS, DO SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS PISCINAS MUNICIPAIS, AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE MARZO DO 2023, POLA QUE SE ESTABLACEN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGALIDADE, DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Concello das Neves presentou solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2023 de “axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56 do 21 de marzo de 2022). En data 18/04/2023, concéelle ao Concello das Neves, autorización para a contratación anticipada de dúas persoas desempregadas para o posto de socorrista, para a actuación denominada *Atención ás Piscinas Municipais, 2023* (expdte. TR351A 2023/004-5).

As contratacións serán, a tempo completo e por o período de dous meses. Os/as traballadores/as que se contraten, tal como establece a mencionada Orde, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, *como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego*, recaendo no Concello a competencia para *efectua-la selección entre estes*.

Tal como se establece na convocatoria da subvención, o proceso de selección e contratación deberá respectar, en todo caso, o establecido nos artigos 14 e 15 da orde e as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas.

Efectuada a selección das persoas traballadoras na forma prevista no artigo 14, o concello procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de *contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral*.

As retribucións serán as establecidas polo convenio colectivo de aplicación que equivalen a 1.411,72 € brutos mensuales.

O sistema de selección será o de concurso.

BASE SEGUNDA: REQUISITOS:

- a) Os/as traballadores/as que se contraten, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.





- b) Ser convocados/as pola Oficina de Emprego.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- f) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- h) Posuí-la titulación de ESO, Graduado escolar ou equivalente.
- i) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, tal como está disposto no Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior e o Decreto 63/2021, do 22 de abril. En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, tendo en conta que, en todo caso, deberá ter realizada a antedita inscrición con anterioridade á formalización do contrato.
- j) De acordo co establecido no Artigo 14.2) da Orde do 13 de marzo de 2023 *pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, as persoas traballadoras que fosen contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.*

As persoas seleccionadas, deberán acreditar previamente a súa contratación, certificado da carencia de delitos de natureza sexual para traballar con menores, tal como establece a normativa vixente.

BASE TERCEIRA. PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na súa páxina web. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a súa Sede electrónica, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.





BASE CUARTA.SISTEMA DE SELECCIÓN:

O Concello de As Neves presentará a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, facendo referencia aos requisitos e características que debe reunir o/a traballador/a que se contratar.

A Oficina de Emprego de Ponteareas notificará aos candidatos preseleccionados a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello. A Oficina de Emprego de Ponteareas remitirá ao Concello das Neves o listado con tódolas persoas candidatas propostas e notificadas, que será trasladado á Comisión de selección. A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

BASE QUINTA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. A persoa candidata deberá presentar, como data límite, no día en que sexa convocados pola Oficina de Emprego, a documentación requirida para poder participar no proceso selectivo.

Documentación xeral a presentar:

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I .
- DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Copia dos requisitos de titulación esixidos.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:

- Sentencia de separación ou divorcio, se fose o caso.
- Libro de familia.
- Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal).
- Certificacións que acrediten o esgotamento das prestacións, períodos de inscrición, etc.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Os/as aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.





BASE SEXTA. DESENVOLVEMENTO E FORMA DA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

De acordo co artigo 14.5 da *Orde do 13 de marzo de 2023* terán preferencia para a contratación, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora que se contrate o/a conxuxe, fillo e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Na selección valoraranse os seguinte méritos:

1.- Situación persoal: establecese o seguinte baremo para a valoración de méritos:

- a) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia: 1,00 puntos.
- b) Menores de 30 anos: 0,50 puntos.
- c) Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego (neste caso non será valorado o apartado b): 0,75 puntos.
- d) Persoas paradas de longa duración (Estar inscrito ininterrumpidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses): 0,60 puntos.
- e) Persoas con discapacidade: persoas con un grado de discapacidade recoñecido, igual ou superior o 33%: 0,65 puntos.
Este apartado será valorado, sempre que o grado de discapacidade non impida a realización das tarefas propias do posto de traballo.
- f) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito: 0,65 puntos.
- g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,50 puntos
- h) Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia: 0,50 puntos

A puntuación máxima da suma destes apartados será de: 2,50 puntos.

Para a súa valoración deberán estar documentalmente debidamente acreditados.

Asemesmo e dacordo co citado artigo 14 da *Orde do 13 marzo de 2023*, terase en conta a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores





con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, con 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental. A puntuación máxima neste apartado será de **2,00 puntos**.

2.- Formación Profesional:

a) Por cada acreditación de cursos realizados, sempre que se atopen relacionados coas funcións propias a desenvolver:

- De 4 a 10 horas de duración: **0,10 puntos**.
- De 11 a 50 horas de duración: **0,20 puntos**.
- De 51 a 100 horas de duración: **0.30 puntos**.
- De 101 a 200 horas de duración: **0,40 puntos**.
- De duración superior a 201 horas: **0,50 puntos**.

Valoraranse os cursos, seminarios, congresos ou xornadas de especialización en materia relacionada coa praza que se convoca, impartidos ou recibidos por centros ou institucións oficiais: universidade, administración pública ou corporacións de dereito público (colexios profesionais, etc.), ou ben por institucións públicas ou privadas (asociacións empresariais, sindicatos, etc.) en colaboración cunha administración pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a formación continua nas administracións públicas.

O tribunal de selección reservarase o dereito de comprobar a veracidade do contido das certificacións achegadas, cando a xuízo do antedito tribunal se considere necesario.

Para acreditar os cursos de formación ou perfeccionamento deberase achegar unha fotocopia dos títulos ou diplomas nos que conste necesariamente a súa duración expresada en horas lectivas ou días e, se é o caso, o acordo de homologación polo centro oficial de formación. Se a duración se expresa en días, entenderase que cada día equivale a 6 horas lectivas.

b) Outros méritos:

Titulación a valorar, salvo aquela que tiña servido para inscribirse no rexistro. No caso de ter inscrita mais dunha titulación habilitante, computaránse como méritos as de orde de superior.

- Titulación universitaria de actividades físicas e do deporte (INEF): **1.25 puntos**
- Titulación de técnico en animación de actividades físicas e deportivas (TAFAD): **1 punto**
- Título de Técnico Deportivo en salvamento e socorrismo ou Técnico deportivo Superior en Salvamento e socorrismo: **0.20 puntos**
- Acreditación de formación actualizada no manexo de equipos desfibriladores: **0.10 puntos**

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

3.- Acreditación do grado de coñecemento de Galego.

- Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos
- Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.30 puntos.
- Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.40 puntos
- Celga 5 ou superiores: 0,50 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola





Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.
No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

A puntuación máxima neste apartado será de 0,50 puntos.

4.- Entrevista. Tódolos persoas candidatas deberán realizar unha entrevista coa finalidade de avalia-las súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Esta entrevista valorarase ata un máximo de **2,00 puntos**.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos, na *Orde de 13 de marzo de 2023* da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

BASE SÉTIMA.- Tribunal de selección.

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso e a proba práctica, que terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por tres membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e un vogal).

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación ca esixida as persoas aspirantes ás prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas de acordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas en quen deleguen.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada pola Sr. Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa sede electrónica.

BASE OITAVA.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Tribunal formulará a correspondente proposta de designación a favor





Concello

As Neves

do/a candidato/a que obtivese a maior puntuación, quedando en lista de reserva os/as candidatos/as que reunindo tódolos requisitos, obtivesen menor puntuación.

En caso de renuncias, procederase ó chamamento da seguinte persoa, da lista de reserva, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da *Orde de 13 de marzo de 2023*.

No suposto de que a lista de reserva se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese disponible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo, de acordo cos criterios da Orde de Convocatoria e os prazos establecidos de finalización do contrato.

No caso de Substitución de persoas traballadoras, unha vez comezado o contrato, realizarasa dacordo co artigo 17 da Orde de Convocatoria.

No momento de formalización do contrato será preciso aportar os documentos orixinais, no caso de que non se fixera no momento da solicitude.

O Sr. Alcalde procederá a asinar coas persoas seleccionadas o corresponde *contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral*.

BASE NOVENA. NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do seguinte posto de traballo: **SOCORRISTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AS PISCINAS MUNICIPAIS,2023.**

DECLARA:

- a) Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- b) Que solicito ser admitido/da a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Acreditación da titulación requirida.

Declaración Xurada, conforme Anexo II

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.





Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)

(*)Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXPd) e (LOPDGDD): En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o **Registro de Actividades de Tratamento de Persoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitud. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXPd, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: concello@asneves.gal a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., de do 2023

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, _____

Asdo.

